

II CONCURSO DE POEMAS ILUSTRADOS “DÍA ROSALÍA DE CASTRO”

O concello de Ponteareas organiza este concurso dedicado ao alumnado de ensino dos centros encravados dentro do termo municipal coa finalidade de potenciar a creatividade e o coñecemento da obra da xenial poetisa. O importe destes premios corresponden coa partida orzamentaria 33000- 4802010.

O tema do poema ilustrado será, ou un poema de Rosalía de Castro, ou un poema creado para honrar a memoria da poetisa.

Estas bases serán enviadas a Base de Datos Nacional de Subvencións, publicarase un extracto no BOP de Pontevedra e tamén se publicarán na web do concello e no taboleiro de anuncios.

Estes premios son compatibles con calquera outra axuda pública para a mesma fin.

Establécense dúas categorías.

- a) Para o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria
- b) Para o alumnado da ESO.

TRABALLOS

a) Poemas ilustrados

1. Os traballos realizaranse de forma individual ou en grupo e empregarán a lingua galega.
2. Os poemas ilustrados poderán elaborarse nas técnicas de debuxo, collage, acuarelas ou similares. Presentaranse en cartolina A4.
3. Os centros de ensino realizarán unha preselección de tres traballos de cada clase presentada.
4. Os traballos serán asinados cun pseudónimo.
5. Cada traballo irá acompañado dun sobre facilitado polo Departamento de Cultura, dentro figurará unha ficha onde conste o nome e apelidos da alumna ou alumno, título da obra, nome e apelidos do pai/ nai/ titor legal e teléfono de contacto.
6. O persoal do Departamento de Cultura ou da Biblioteca Municipal recollerá as obras nos centros de ensino o martes 10 de febreiro.
7. A concellería de Cultura e Lingua resérvase a propiedade dos traballos presentados e o dereito a difundilos polos



medios que considere oportunos. En ningún caso os orixinais serán devoltos.

FALLO DO XURADO

O xurado estará composto polo concelleiro de Cultura e Lingua do Concello ou en quen delegue, tres persoas representantes da educación, cultura e comunicación e un traballador do Departamento de Cultura do Concello de Ponteareas, que actuará como secretario con voz pero sen voto.

Os criterios que o xurado terá en conta para a concesión dos premios serán: a orixinalidade, adecuación ao tema destas bases e todos aqueles que consideren axeitados.

O alcalde mediante resolución de alcaldía ratificará o fallo do xurado.

O fallo do xurado publicarase o domingo 16 de febreiro de 2020 no decurso da gala de homenaxe a Rosalía de Castro que se celebrará no Auditorio Municipal.

PREMIOS

Os premios son os seguintes:

a) Para os alumnos de 4º, 5º e 6º de primaria:

1º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 100 euros e diploma.

2º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 75 euros e diploma.

3º premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico por valor total de 50 euros e diploma.

b) Para o alumnado da ESO

1º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 100 euros e diploma.

2º premio: un lote de material escolar, libros e dispositivo electrónico por valor total de 75 euros e diploma.

3º premio: un lote de material escolar, libros ou dispositivo electrónico por valor total de 50 euros e diploma.

